

A FESTA NO FAIADO

MARÍA VICTORIA MORENO

ADAPTACIÓN TEATRAL: María del Carmen Gómez Álvarez

PERSONAXES

PRESENTADOR

UXIA

NARRADOR/A

SEÑOR INDALECIO SEÑORA

TEODOSIA

PAXARIÑOS

VECIÑA 1

VECIÑA 2

GATO

RATOS

MARIÑEIROS

MATERIAIS

CAIXAS DE CARTÓN BARCO

SARDIÑAS

DISFRACE DE MARIÑEIROS

DISFRACE DE GATO

DISFRACES DE PAXARIÑOS

DISFRACE DE RATOS

DISFRACE DE SEÑOR INDALECIO

DISFRACE DE SEÑORA TEODOSIA

DISFRACE DAS VECIÑAS

ARO

PRATO CON SARDIÑAS

PRATO CON QUEIXO

PRATO CON FARANGULLAS DE PAN

DELANTAL

MANTEL

CARTOLINA CON UVAS E MAZÁS

CARTOLINA CON NOCES E CASTAÑAS

CARTOLINA CON CEREIXAS E PEXEGOS

CARTOLINA CON AMORAS E FIGOS



ESCENA 1

(Uxía está sentada no chan coa cabeza entre as mans)

NARRADOR/A: Ola! Esta é Uxía, unha boneca. Naceu en Portosouril, unha aldea moi famosa de Galiza. Vive aquí, no faiado desta fermosa casa. Sí, aquí debaixo do tellado, soa é abandonada entre os cestos de roupa vella.

(Saen os paxariños a voar en círculo)

NARRADOR/A: Todos os domingos á saída da misa voan arredor do tellado estes pardais.

(Os paxariños deixan de dar voltas e quedan parados no sitio. Aparece en escena o señor Indalecio)

NARRADOR/A: Este é o señor Indalecio, o dono de Uxía.

SEÑOR INDALECIO: A herba é miña, as vacas son miñas, o leite é meu e os cartos de vendelo, de quen son? *(Dirixíndose ao público)* Meus!

NARRADOR: Un fachendoso de moito nabizo! Pero aínda o é máis a súa muller, a señora Teodosia, a dona da boneca Uxía.

(Mentras fala o narrador entran en escena a señora Teodosia máis dúas veciñas e os paxaros comezan a dar voltas de novo)

SEÑORA TEODOSIA: Non hai coma ter unha casa farturenta. Ata os pardais da fraga parece que son nosos.

VECIÑA 1: Os pardais son libres.

VECIÑA 2: Os paxariños non son de ninguén!

SEÑORA TEODOSIA: Deixádevos de parvadas. Os pardais debecen por vir ao meu tellado. Mirade se non o que pasa os domingos á saída da misa *(Sinala aos pardais)*.

(As veciñas miran ao público e negan con xesto de resignación antes de saír da escena)

NARRADOR: Vedes? Dúas persoas ben fachendosas os donos de Uxía. Pero o que non saben eles

é porque voan arredor deste tellado os pardais! Ai! Se soubesen a verdade! Atendede ao que aconteceu e vós saberedes á verdade.

ESCENA 2

(Óese a Uxía chorar)

GATO: Tes frío?

UXÍA: Teño.

GATO: Tes fame?

UXÍA: Teño

GATO: Tes pesar?

UXÍA: Teño. *(Uxía levanta a cabeza e abre os ollos)*

UXÍA: Como te chamas?

GATO: Gato.

UXÍA: Como?

GATO: Gato, como soa, Gato.

UXÍA: E logo?

GATO: Será porque son fillo dunha gata, porque sei dicir miau e porque xa desde pequeno me dei moi boa maña en cazar ratos.

UXÍA: Pero podías chamarte Micifú, Carlos ou Duque...Eu teño visto gatos que se chamaban así.

GATO: Sería gatos caseiros *(Ponse triste)*. Deses que comen do prato do amo. Pero eu son un gato de faiado.

UXÍA: Gato, graciñas por despertáresme. Se non chega a ser por ti non espertaría nunca.

GATO: Miau.

UXÍA: Eu chámome Uxía e son unha boneca abandonada.

GATO: E porque che gusta tanto durmir, Uxía?

UXÍA: A min non me gusta durmir. O que pasa é que, se me deixan deitada, pecho os ollos.

GATO: Que che gusta logo?

UXÍA: A min gústame xogar. Xogamos?

GATO: Que cousa é xogar?

UXÍA: Pois é...é inventar un mundo bonito e vivir un tempinho nel.

GATO: E pódese inventar un mundo bonito?

UXÍA: Si.

GATO: O máis bonito de todos?

UXÍA: Si

GATO: Rapaciña, soamente sabes dicir si, si, si?

UXÍA: Tamén sei dicir que non. Mira. Noooooooooon! (**Berrando**)

GATO: Miaaaaaau (**Berra alporizado**)

(Uxía cae do susto e queda deitada. O gato a mira apesarado e dálle a man para axudala a erguerse)

GATO: Imos xogar logo. Dime como se fai.

UXÍA: Eu era a nai e ti a miña filla.

GATO: Non, eu son un gato.

UXÍA: Pois eu era un ladrón e ti un policía.

GATO: Non, eu non sei que cousa é un ladrón nin un policía.

UXÍA: Pois eu era a criada e ti a señora.

GATO: Está ben, pero a condición de que a señora estea sempre a comer sardiñas.

UXÍA: Dacordo. *(Uxía e Gato danse a man demostrando que chegaron a un acordo)*

ESCENA 3

NARRADOR: Pobre Gato! Non sabe nada da vida porque sempre estivo pechado no faiado. A boneca aínda tivo vida antes de seren abandonada. Cando andaba por toda a casa coa nena que era a súa dona. Ata estivo na praia e na fraga. Ademais, ser boneca ten ventaxes. Non necesita comer, abóndalle con xogar a comer. Pero ao pobre do Gato non. O Gato ten fame de verdade. Mirade.

(Gato corre tras os paxaros e os ratos que escapan del con medo)

PAXAROS: Odiamos a este gato.

RATOS: Non queremos nin acercarnos a el.

GATO: Todos me odian. Levo só toda a vida, sen amigos. Non merezo isto porque son garimeiro, doce, ledo e brincadeiro. *(Saen de escena paxaros e ratos)*

ESCENA 4

UXÍA: Ai! En que lío me metín! Gato está moi ilusionado con xogar a comer sardiñas porque pensa que vai comer sardiñas de verdade! Como lle vou dicir que as sardiñas de xoguete non se comen?

(Uxía anda de esquerda a dereita rañando a cabeza e matinando. Achégase Gato)

GATO: Cando xogamos?

UXÍA: Un día destes.

(Gato vaise triste. Uxía fai un xesto de preocupación. Achégase Gato)

GATO: Cando xogamos?

UXÍA: Un día destes.

(Gato vaise triste. Uxía fai un xesto de preocupación. Gato mira ao lonxe e ve os barcos cheos de sardiñas e xurelos frescos)

GATO: Uxía. Esas sardiñas son para xogarmos?

UXÍA: O mais seguro.

GATO: E quen nolas vai traer? Nós non podemos saír do faiado!

UXÍA: Os ratos. Pero a condición de que sexas máis considerado con eles. *(Dirixíndose ao público)*. Ai! Estou inventando todo! Como salgo desta? Ocorrévese algo? Pois vou falar cos ratos! Non teño outra solución! *(Dirixíndose aos ratos)* Tédesme que axudar con este problema que teño co Gato. Preciso que rilledes na porta do faiado ata facer un buratiño por onde poida saír eu.

(Os ratos vanse e volven cun aro que fai de burato. Uxía achégase ao aro).

UXÍA: Aproveito que é domingo e todos están na misa para baixar á cociña a coller comida de verdade para xogar co Gato. *(Uxía atravesa o aro)*

ESCENA 5

(Uxía, vestida con delantal, regresa a través do aro con tres pratos na man e un mantel. Estira o mantel enriba dunha mesa e reparte os pratos.)

UXÍA: Vén a mesa, Gato! Que o xantar está servido!

(Achégase relamendo o Gato)

UXÍA: Vinde á mesa, ratiños. O voso xantar está servido!

(Os ratos non se achegan temerosos)

GATO: Achegádevos, que non son tan odioso. Só teño fame pero agora teño un prato de sardiñas.

Non vos vou comer. (*Os ratos achéganse temerosos*)

UXÍA: Vinde á mesa, paxariños! (*Os paxariños non se atreven a achegarse*)

GATO: Vinde, non teñades medo. Enseñádeme que cousa é isa que tedes vos para voar. (*Os animais vanse achegando, confiados, sorrindo, comendo e bailando*)

UXÍA: Que ben me sinto ao vervos a todos satisfeitos e amigos!

RATO: Poderíamos facer unha festa así todos os domingos?

UXÍA: Poderíase!

PARDAL: Gustaríanvos cereixas, figos e noces?

UXÍA: Gustaríanos.

PARDAL: Logo nós poderíamos traer o postre. Na fraga hai de todo a fartar.

UXÍA: Trato feito. Vémonos aquí todos os domingos, cando soen as campás da misa. (*Todos os animais danse a man*)

(Todos arredor da mesa agás os paxaros que andan arredor. Pian)

NARRADOR: Dende o día do trato, cada domingo todos os animais se reúnen no faiado. Os domingos de outono...

PAXARIÑOS: Pío, pío. Uxííííá, traemos uvas e mazás. (*Os paxariños veñen coa cartolina de outono*)

GATO: Miau, miau, miauuuuu.

UXÍA: Xa poño os platos.

NARRADOR: Os domingos de inverno...

PAXARIÑOS: (*Os paxariños marchan e volven coa cartolina de inverno*). Pío, pío. Uxííííá, traemos noces e castañas.

GATO: Miau, miau, miauuuuu.

UXÍA: Xa poño os platos.

NARRADOR: Os domingos de primavera...

PAXARIÑOS: (*Os paxariños marchan e volven coa cartolina de primavera*). Pío, pío. Uxííííá, traemos cereixas e pexegos.

GATO: Miau, miau, miauuuuu.

UXÍA: Xa poño os platos.

NARRADOR: Os domingos de verán...

PAXARIÑOS: (*Os paxariños marchan e volven coa cartolina de verán*). Pío, pío. Uxííííá, traemos amoras e figos.

GATO: Miau, miau, miauuuuu.

UXÍA: Xa poño os platos.

(Todos os animais collense da man e póñense detrás do narrador)

NARRADOR: Aínda que a señora Teodosia coida que veñen saudala porque é rica, agora vós xa sabedes a quen veñen ver os paxariños.

TODOS XUNTOS: AOS AMIGOS!!!! (*Levantan as mans unidas*).

PANO